

IES ISAAC DÍAZ PARDO- SADA

O presente documento contén o desenvolvemento dos currículos das materias do Departamento de Debuxo, seguindo as referencias legais sinaladas ao final do documento.

EPVA 4º ESO

DEBUXO ARTÍSTICO II

DEBUXO TÉCNICO II

1º da ESO, 3º da ESO e 1º de Bach están desenvolvidos no PROENS.

ÍNDICE

Resolución para as instrucións do curso 21/22.....	2
Materias do departamento.....	2
ÍNDICE.....	3
Composición do departamento.....	7
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL	
1º, 3º Y 4º ESO.....	8
a) Introducción e contextualización.....	8
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	9
c) Concreción, dos obxectivos para o curso.....	11
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	
d.1. Temporalización	15
d.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	16
d.3. Procedementos e instrumentos de avaliación	17
Sección bilingüe.....	19
CONTIDOS DE	
1º ESO.....	20
3º ESO	30
4º ESO.....	40
f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar	49
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	52
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	58
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas	59
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	61
l) Medidas de atención á diversidade	63
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	64
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico	66

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora 67

DEBUXO ARTÍSTICO I-II 1º BACHARELATO

a) Introducción e contextualización	68
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	70
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso	
CONTIDOS	74
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	
d.1. Temporalización	86
d.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	86
d.3. Procedementos e instrumentos de avaliación	87
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia	87
f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar	87
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado ...	88
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	89
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	89
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato	90
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	90
l) Medidas de atención á diversidade	90
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	91
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico	92
o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	92
DEBUXO TÉCNICO I-II 1º-2º BACHARELATO	
a) Introducción e contextualización	93
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	93

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso	95
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	
d.1. Temporalización	96
d.3. Procedementos e instrumentos de avaliación	96
d.e) Concrecións metodolóxicas que require a materia	97
f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar	97
CONTIDOS 1º BACHARELATO.....	98
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado ...	110
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	113
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	114
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	115
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	115
l) Medidas de atención á diversidade	115
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	117
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico	117
o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	118
CONTIDOS 2º BACHARELATO.....	119
e) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado ...	130
CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES EN BACHARELATO ARTÍSTICO I, BACHARELATO ARTÍSTICO II, DEBUXO TÉCNICO I. DEBUXO TÉCNICO II	134
 MATERIA DE LIBRE DISPOSICIÓN DO CENTRO 2º ESO	
LABORATORIO E EPVA.....	138
Introdución e contextualización	138
Contribución ao desenvolvemento das materias clave e concreción dos estándares de aprendizaxe.....	138

Fines.....	139
Contidos	140
Grao mínimo para superar a materia	147
Procedementos e instrumentos da avaliación.....	147
Concrecións metodolóxicas.....	147
Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar.....	148
Criterios de avaliación e cualificación.....	149
Medidas de atención á diversidade.....	151
Concreción de elementos transversais.....	152
Rúbricas para os cursos e as materias de EPVA LAB de EPVA, DT I e II, DA I e II	153
Anexo covid 19.....	169
Mecanismos de revisión.....	180
REFERENCIAS LEGAIS.-.....	182

1 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

No curso académico 2022-23, compoñen o Departamento de Artes Plásticas as seguintes profesoras:

Dona.

Olalla Rodríguez Franco (Profesora Titora).

Dona. Sabela Arias Castro (Xefa do Departamento).

Materias a impartir e reparto de grupos:

39 Horas totais de clases lectivas do Departamento

Reunión do Departamento: LUNS 18:30 horas.

MATERIA:

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL e AUDIOVISUAL 4º ESO

a) Introducción e contextualización

Si noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria no área de Educación Artística. A parte destinada á Educación Plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo Técnico" e "Expresión Artística".

En 4º da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son:

- BLOQUE 1 Expresión Plástica**
- BLOQUE 2 Debuxo Técnico**
- BLOQUE 3 Fundamento do deseño**
- BLOQUE 4 Linguaxe audiovisual e multimedia**

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversos na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase dar ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios como colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde o cal realízase o análisis crítico das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial hincapié no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe. No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-plásticos sobre formas geométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madurez do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nos seus diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Esta materia axuda a la adquisición das seguintes competencias básicas:

A competencia en comunicación lingüística (CCL)

Ésta se verá incrementada nesta materia a través do estudo dos distintos tipos de linguaxes, o verbal, o xestual, o musical e o linguaxe visual e plástico. O seu estudo nos contidos se centrará nestes últimos, como poder de transmisión é indiscutible e non coñece barreiras idiomáticas, independentemente da súa ubicación xeográfica, idioma, grupo social e cultural. Así mesmo, esta competencia desenvolverase cando o alumnado describa o proceso de traballo, cando argumente as solucións dadas, ou cando realice valoracións dunha obra artística. Verbalizar os novos conceptos aprendidos, manexar o vocabulario propio da materia, formular preguntas acerca das técnicas e os recursos que lle son propios, así como, a lectura de textos e imaxes posibilitará que os alumnos adquiren unha mellor comprensión dos diferentes códigos artísticos. É una competencia amplamente desenvolvida na linguaxe visual mediante o uso de pictogramas, logotipos, anagramas, marcas, etc.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnología (CMCCT)

Unha das finalidades da materia é ensinar ao alumnado a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica, así como a profundizar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, por medio da xeometría plana, a perspectiva e a representación obxectiva das formas. Tales capacidades poderán contribuír a que os alumnos a adquiren, xa que permitirá abordar a posta en funcionamento do proceso creativo coa utilización das proporcións, dimensións, relacións e equilibrio das formas de maneira adecuada, e a comprender o mecanismo de creación dunha obra artística.

Competencia digital (CD)

No currículo adquiren importancia os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedial. Na sociedade actual, o uso de recursos tecnolóxicos específicos é o método básico e xeneralizado na creación e difusión das imaxes. Por tal motivo, establécese como obxectivo propio da materia o aprendizaxe das novas técnicas para a interpretación da información, en especial a transformación de linguaxes non verbais (gráfico, audiovisual, etc.) e no manexo dos recursos técnicos adecuados para comunicalos a públicos diversos por medio de soportes e formatos diferentes.

Competencias sociais y cívicas (CSC)

A Educación Plástica e Visual supón un bo medio para desenvolver e mellorar a competencia social e cívica. Naquela medida na que a creación artística supón un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais.

Así mesmo, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual que induce ao pensamento creativo e a expresión de emocións, vivencias e ideas, poderá proporcionar experiencias directamente vinculadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

Conciencia y expresiones culturales (CCEC)

A Educación Plástica e Visual contribúe, especialmente, a adquirir esta competencia. Nesta etapa pónse o énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos na utilización das técnicas e recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e a partir do coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga coa diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresarse a través da imaxe.

Dita competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións artísticas e culturais, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce, e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Así mesmo, implica fomentar a expresión gráfica, aplicando o uso correcto das técnicas artísticas, desenvolvendo a cultura visual e a creatividade.

De igual modo, preténdese facilitar ao alumnado información acerca das tendencias artísticas actuais, aportando tamén coñecementos sobre os diferentes períodos culturais e artísticos dende cada unha das distintas manifestacións: arquitectura, escultura, pintura, etc.

Mediante a análise dalgunhas obras relevantes do arte contemporáneo na Coruña, o alumnado poderá reforzar o poder comunicativo e expresivo da linguaxe visual. Para elo, será necesario coñecer o vocabulario específico e utilizar as ferramentas e soportes coas que poder transmitir adecuadamente as ideas. De igual forma fórmase a realización de traballos dirixidos á educación da comunicación visual, fomentando a realización de actividades sobre visualización, a partir de proxectos baseados en procesos creativos, por medio da descrición e a narración do entorno que os rodea.

Aprender a aprender (CAA)

Contribúese na medida en que se favorece a reflexión sobre os procesos na experimentación creativa, posto que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, e tamén a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A Educación Plástica e Visual ten un papel importante no logro das competencias básicas e na adquisición de coñecementos e destrezas imprescindibles no desenvolvemento da ensinanza das distintas materias.

Sentido de iniciativa y espírito emprendedor (CSIEE)

Dado que tódolos procesos de creación supoñen converter unha idea nunha obra, a tal efecto traballaranse estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En definitiva, sitúase ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso, xunto co o desenvolvemento do espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentarán a iniciativa e autonomía persoal.

OBXECTIVOS XERAIS PARA A ESO

Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e comunicación que contribúe a superar inhibicións e, polo tanto, axuda ó benestar persoal.

Desenvolver as capacidade de observación e percepción como medio para comprender as estruturas formais que nos rodean, potenciando as propias capacidades de actividade representativa: sensibilidade, memoria visual, imaxinación e fantasía.

Coñecer e aplicar correctamente diversas técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, investigando nas súas posibilidades expresivas, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo, facendo uso, así mesmo, das novas tecnoloxías.

Estimular a expresión creativa valorando o personalismo expresivo, a sensibilidade, a orixinalidade e a análise das representacións obxectivas ou subxectivas, individuais ou colectivas.

Aplicar a linguaxe plástica e visual noutras áreas do currículo establecendo relacións coas demais linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicarse.

Facer uso dos hábitos adquiridos de observación, atención, precisión, pulcritude, reflexión, análise crítica e revisión nas distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.

Considerar e apreciar o feito artístico como fonte de gozo estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo activamente ó seu respecto, conservación e mellora, resaltando as manifestacións propias da cultura galega.

Respectar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.

Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.

Participar en actividades de grupo planificando individual e conxuntamente as fases do proceso para adecualas ós fins que se pretenden acadar. Adoptar actitudes de flexibilidade, solidariedade, tolerancia e interese, superando prexuízos e rexeitando calquera tipo de discriminación.

Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

OBXECTIVOS POR CURSO

4º ESO

OBXECTIVOS

Aprender a observar como primeiro paso para aprender a debuxar: observación detida dos elementos (as partes) antes de acometer o debuxo das formas (o todo).

Expresarse con actitude creativa, empregando a terminoloxía e os procedementos da plástica.

Mellorar o concepto de proporción e composición

Coñecemento do mundo publicitario, os mecanismos de manipulación e as vantaxes que supón o coñecemento dos seus códigos.

Sintetizar formas que permitan a creación de imaxes corporativas mediante o dominio do deseño gráfico e as súas leis.

Planificar as fases do proceso de creación e realización dunha obra.

Coñecer a importancia do cartel como medio fundamental de reclamo e aprender a elaboralo a partir do coñecemento das técnicas relacionadas con el.

Aprender a narrar de forma secuenciada e con imaxes.

Aprender a ler a obra plástica (contemporánea ou non) bi e tridimensional.

Dominio dos recursos expresivos bi e tridimensionais que lles permitan proxectar as súas propias obras e trasladar ao papel as súas ideas.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Curiosidade por coñecer e descubrir formas e imaxes nas que se aprecien manifestacións xeométricas e rítmicas de carácter ornamental.

Valoración da importancia dos conceptos de módulo e de rede e o seu papel.

Busca de solucións compositivas orixinais.

Valoración da fotografía como unha forma de expresión artística.

Busca de solucións orixinais no momento da realización dun cómic.

Recoñecemento da importancia de desenrolar uns valores artísticos e un gusto persoal polo feito artístico.

Valoración do patrimonio cultural e artístico.

1 Temporalización

Os contidos están divididos en tres bloques, polo que a súa temporalización establécese en base a ditos bloques:

1ª Avaliación, primeiro trimestre: Debuxo artístico.

Bloque I : Expresión Plástica

2ª Avaliación, segundo trimestre. Deseño e audiovisual.

Bloque II: Comunicación Audiovisual.

3ª Avaliación, terceiro trimestre. Debuxo técnico.

Bloque III: Debuxo xeométrico no plano.

A temporalización detallada por temas encóntrase definida no cadro de contidos.

4º ESO

- Aprender a observar como primeiro paso para aprender a debuxar: observación detida dos elementos (as partes) antes de acometer o debuxo das formas (o todo).
- Mellorar o concepto de proporción e composición
- Planificar as fases do proceso de creación e realización dunha obra.
- Coñecer a importancia do cartel como medio fundamental de reclamo e aprender a elaboralo a partir do coñecemento das técnicas relacionadas con el.
- Aprender a narrar de forma secuenciada e con imaxes.
- Saber representar en vistas diédricas y representar perspectivas sinxelas.

2 Procedementos e instrumentos de avaliación

A entrega de traballos en forma e tempo en formatos A-4 papel guarro, tanto no debuxo xeométrico como no debuxo gráfico-plástico, traballos realizado en diversas técnicas.

Seguimento dos traballos realizados.

Diálogo continuo do profesor cos alumnos, tanto individual como en grupo.

Avaliación dos traballos de forma personalizada, en tempo e en lugar.

Realizaranse probas coincidentes co remate do trimestre. Se a profesora/r o considera necesario.

A entrega dos traballos con corrección técnica.

O respecto polo material do centro e o seu propio.

Todas as láminas, exames e traballos avaliaranse conforme ás rúbricas (ver rúbricas)

Se se realiza proba escrita, o peso desta parte será do 60% e o 40% para as táboas de indicadores, que se dividirán en 2 partes, o 30% para láminas e traballos e o 10% para a observación sistemática. A proba escrita só se aplicará no bloque de debuxo técnico.

No resto dos bloques a avaliación será por táboa de indicadores, sendo o 70% para as láminas e traballos e o 30% para a observación sistemática, ambas obtidas polas rúbricas que se poden consultar no apartado correspondente.

PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Terase en conta o criterio de dificultade e organización dos contidos de tal modo que se comenará polos máis concretos e así preparar ós alumnos para comprender outros conceptos mais esixentes e abstractos. O criterio de interese. O criterio de organización cíclica e o criterio de operatividade que se reflexa na formulación “saber ver”, “saber interpretar” e “saber facer”.

Para “saber ver” e “saber interpretar”; mostraranse ós alumnos obras xa realizadas para que poidan observar as características técnicas e pictóricas, previa exposición teórica.

Para “saber facer”; levarase a cabo, tanto individual como en grupos, a realización dos traballos, tendo en conta os aspectos procedimentais.

CONCEPTOS

Para articular dunha forma idónea os contidos procuraranse adoitar unha liña clara, concisa e sistemática, procurando exemplos cotiáns do noso propio entorno . As dúbidas sobre os mesmos serán atendidas de maneira individual salvo naqueles casos que sexan de interese xeral.

Utilizarase o apoio dos libros de texto en cada unidade didáctica si o profesor o considera conveniente e, cando sexa necesario, documentarase e ilustrarase con exemplos proxectados en diapositivas ou en vídeo, tanto na realización de determinadas técnicas, como nos fins que se pretenden acadar.

ACTIVIDADES

Prantexaranse en cada unidade didáctica un número de traballos que permita o tempo dedicado á mesma, favorecendo nos mesmos a atención á diversidade. Tratarase en todo momento de

alentar a creatividade, sensibilidade, orde e planificación dos mesmos, xa sexa de forma individual como colectiva.

Os exercicios terán un carácter práctico-plástico aínda que tamén, nalgúns casos, poderanse demandar respostas escritas ou traballos de análise e observación.

En cada actividade potenciarase a busca individual de novas solucións, non só na composición, tamén nos materiais a utilizar.

Faranse exposicións periódicas dos traballos buscando crear un hábito de autoavaliación e de crítica respecto aos traballos tanto propios como alleos.

4º de ESO

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
BLOQUE 1. EXPRESIÓN PLÁSTICA				
a c d e h	B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	CCEC
a d g n	B1.2. Leis da composición. Leis da Gestalt. B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.	B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valo-	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	CCEC

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
	B1.4. Cor como ferra- menta simbólica.	rando o esforzo de su- peración que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	CCEC
			EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC
b c e g n	B1.5. Técnicas de ex- presión gráfico-plásti- cas. Experimentación con diversos materiais. B1.6. Interese pola in- vestigación sobre ma- teriais, soportes, técni- cas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da infor- mación nas creación propias. B1.7. Iniciativa, creativi- dade e autoesixencia no proceso de produ- ción propio.	B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elabo- rar unha composición sobre a base duns ob- xectivos prefixados e da autoavaliación con- tinua do proceso de re- alización.	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a reali- zación de proxectos artísticos. EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os ma- teriais e os proceden- mentos máis idóneos para representar e ex- presarse en relación ás linguaxes gráfico- plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elab- oración das activida- des.	CCEC CSIEE CCEC CSIEE CAA CD
b c e g n	B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación co- lectiva). B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	B1.4. Realizar proxectos plásticos que compor- ten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación ar- tística.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fa- ses, e aplícao á produ- ción de proxectos per- soais e de grupo.	CSIEE CCEC

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
d f n	B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	CSIEE CCEC
			EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	CSIEE CCEC
BLOQUE 2. DEBUXO TÉCNICO				
b f g n o	B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. B2.3. Tanxencias e enlaces. B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	CAA CMCCT
			EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	CAA CMCCT
			EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	CAA CMCCT
			EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	CAA CMCCT
b	B2. 5. Interpretación das		EPVAB2.2.1. Visualiza	CAA

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
f g o	<p>pezas a través das súas vistas diédricas.</p> <p>B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.</p> <p>B2.7. Perspectiva caba-leira. Posición dos eixes e coeficiente de re-dución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Es- calas.</p> <p>B2.8. Sistema axonomé- trico: isometría. Posi- ción dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotu- laxe. Escalas.</p> <p>B2.9. Perspectiva có- nica central.</p> <p>B2.10. Perspectiva có- nica oblicua.</p> <p>B2.11. Análise das posi- bilidades da posición do punto de vista.</p>	B2.2. Diferenciar e utili- zar os sistemas de re- presentación gráfica, recoñecendo a utili- dade do debuxo de re- presentación obxec- tiva no ámbito das ar- tes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	CMCCT
			EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridi- mensionais sinxelas.	CAA CMCCT
			EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de for- mas tridimensionais, utilizando e seleccio- nando o sistema de re- presentación máis axeitado.	CAA CMCCT
			EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, eli- xindo o punto de vista máis adecuado.	CAA CMCCT
b e i o	B2.12. Debuxo asistido por computador. Tra- zado de pezas planas e tridimensionais sin- xelas.	B2.3. Utilizar programas de debuxo por compu- tador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de represen- tación.	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da infor- mación e da comuni- cación para a creación de deseños xeométri- cos sinxelos.	CAA CMCCT
BLOQUE 3. FUNDAMENTOS DO DESEÑO				
a c d	B3.1. Análise das lin- guaxes visuais cotiás (arte, deseño, publici- dade, etc.).	B3.1. Percibir e interpre- tar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural,	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finali- dades da comunica- ción visual.	CSIEE CCEC

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
f h l	B3. 2. Fases do proceso de deseño. B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.	con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	CCEC
c e g i	B3.5. Campos de aplicación do deseño.	B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	CSIEE CCEC
b e f i	B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico.	B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	CSIEE CCEC
			EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	CSIEE CCEC
			EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	CSIEE CCEC
			EPVAB3.3.4. Utiliza as	CD

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
			novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	CSIEE CCEC
			EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	CSIEE CCEC
BLOQUE 4. LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA				
a h n ñ	B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. B4.2. Realización dun storyboard.	B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	CSIEE
e l n o	B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	CD CSIEE CCEC

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
OB- XEC- TIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVA- LIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE- TENCIAS CLAVE
a e f g	B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	CAA CD CSIEE CCEC
a c d f h n o	B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	CD CSIEE CCEC

f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.

Este curso teremos libros na aula, de consulta, pero todo o material se atopará en EDIXGAL para os cursos da ESO e na Aula Virtual para o Bacharelato.

No caso do Bacharelato haberá un texto aconsellado, para o estudo persoal e o repaso. Este texto NON será obrigatorio.

4º de ESO :

“EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL II” Editorial SM

Este libro estará na aula para consulta. O alumnado NON terá libro xa que a materia estará en EDIXGAL.

2º de Bach.:

Libro de consulta, non obrigatorio, pero recomendado para ter un texto que axude no estudo da materia ao longo da etapa de Bacharelato.

“Dibujo técnico II “

C. Calavera Opi

I. Jiménez Ruíz

Paraninfo

Aula Virtual

Materiais do Departamento:

* Encerado e proxector.

- * Proxector de transparencias.
- * Proxector de diapositivas.
- * Cámara de vídeo.
- * Cámara fotográfica dixital.
- * Volumes para debuxar do natural: figuras de escaiola e pezas de metal.
- * Tórculo para grabado.
- * Vídeo DVD.
- * Sala de ordenadores do Centro. Compartido con outras materias.
- * 2 Ordenadores portátiles.
- * Cabaletes para o debuxo artístico e todos os materiais de técnicas secas.
- * Pinturas plásticas, pinceis, lapis de cores, rotuladores, carbóns, sanguina e material diverso de debuxo técnico: compases, cartabóns de distintos tamaños, escalímetros, regras paralés, ademais de distinto material de oficina.
- * Todos os alumnos teñen a súa disposición unha carpeta, identificada cun número, cos materiais de debuxo técnico: xogo de cartabóns Faber Castell, regra e compás de calidade da mesma marca. Ademais de lapis e goma. Pinceis e a cor.

En canto ao material das carpetas o alumnado deberá mercar dito material para telo na casa, xa que moitos traballos comezaranse na aula e remataranse na casa.

Se lles informa que este material é para o uso exclusivo na aula e tamén da cantidade que terá que aportar cada alumno/a. Esta adquisición considérase voluntaria: Este método de préstamo de material realizarase sempre que o preotocolo covid o permita.

4 euros: láminas, pinturas, pinceis, etc. Este material pagarase todos os anos.

6 euros: láminas, pinturas, pinceis, xogo de cartabóns, regra e compás. O xogo de cartabóns, regras e compás é en concepto de dereito de uso compartido o que lles permitirá utilizalo tódolos anos que curse esta materia da ESO e no Bacharelato neste Centro Escolar.

Durante os anteriores cursos a experiencia foi moi satisfactoria, como quedou reflectido nas memorias correspondentes de final de curso do Departamento. Polo que, continuaremos neste curso académico, mantendo este sistema de xestión do material, sempre partindo da información e da autorización dos pais.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

4º ESO

Instrumento de avaliación	Ponderación	Avaliación positiva
Exames	60%	<p>Nota media: 5 ou superior.</p> <p>O alumno haberá de presentarse a todos os exames programados polo departamento. Os exames cualificaranse de 1 a 10.</p>
Táboa de indicadores	30%	<p>Entrega da totalidade das láminas solicitadas polo profesorado, na data indicada, e cualificación media de 5 ou superior. Se cualificaran os traballos de 1 a 10.</p> <p>As láminas entregadas fóra de prazo serán consideradas na cualificación da seguinte avaliación.</p> <p><i>Condicións de entrega das láminas:</i> A-4 papel guarro, u outro formato, tanto no debuxo xeométrico como no debuxo gráfico-plástico, traballos realizado a lapis e a cor, empregando diferentes técnicas.</p> <p>Algúns traballos serán feitos completamente na aula e outros comezarán na clase e rematarán na casa. Só excepcionalmente e coa debida xustificación documentada aceptaranse os traballos fóra do prazo sen que se apliquen os criterios establecidos anteriormente.</p> <p>A rúbrica se poderá consultar nesta programación didáctica.</p>

Táboa de indicadores, observación sistemática	10%	Esta cualificación será por rúbrica e cos apuntamentos precisos para a cualificación do alumnado. A rúbrica se poderá consultar nesta programación didáctica.
-----------------------------------------------	-----	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Considérase aprobada a materia cunha cualificación de cinco ou superior tendo en conta os instrumentos de avaliación, a ponderación e demais observación indicadas.

No caso de que se recorra a métodos fraudulentos para tratar de superar a materia, como plaxiar exercicios que se deban presentar, en definitiva, recorrer ao engano á cualificación da avaliación na que se recorre ao fraude será de 1 (0 na lámina que corresponderá a un 1 na nota da avaliación). O alumnado que plaxie ou empregue métodos non lícitos (copia, calcado, non ter realizado persoalmente o traballo, etc...) terá que repetir todas as láminas e presentarse ao exame de recuperación da totalidade avaliación se quere superar a materia, aínda que tivera superado exercicios ou exames parciais. Se unha/un alumna/o obtén a media de 5 ou superior, aprobará a materia.

A nota media da avaliación ordinaria de xuño virá dunha media das 3 avaliacións, sempre que teñan un 5 (nota mínima para aprobar). Se unha avaliación non acadar a nota mínima (5) considerarase que non supera a materia. Todo o alumnado que non supere a materia terá unha proba en xuño de recuperación da totalidade da materia, podendo ser parcial se se alega, documentalmente, algunha causa médica ou de forza maior, nese caso só concorrerá só á/ás avaliación/s non superadas (cunha nota menor de 5). O alumnado que suspenda en a 3ª (por non terse presentado ou por non acadar o 5 nas 3 avaliacións do curso) terá unha avaliación final, na que realizará un exame da totalidade da materia. Para superar este exame o alumnado terá que acadar un 5 como mínimo.

As notas, no caso de ser con decimais, NON estarán redondeadas de non acadar o 5 e se supera o 5 terá redondeo que se ten máis do 5,5 pasará á nota superior no boletín. O profesorado empregará a nota exacta (con decimais se hai) para a obtención, por exemplo da nota media e non o redondeo da acta.

Os criterios de avaliación das adaptacións curriculares virán especificados en cada adaptación, sendo necesario acadar os obxectivos mínimos da adaptación para superar o curso.

O traballo que se realizará desde a 3º avaliación será de repaso e ampliación da materia, adaptándose á totalidade da aula e tendo en conta problemas específicos para repaso do alumnado suspenso.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Orientarase a analizar en que medida conséguense os obxectivos (Avaliación de resultados) e os procesos que se conseguen para alcanzar ditos obxectivos (avaliación de procesos)

A avaliación que desenvolveremos desde o Departamento basearase nos seguintes apartados:

1. CUALITATIVA: Maior importancia ao proceso que aos resultados en si mesmos. Se pretende que comprendan e entendan os procesos de aprendizaxe.

2. MULTIDIRECIONAL: A programación axustarase e responderá ás necesidades do contorno. O deseño educativo pretende conseguir que os obxectivos desenvólvanse, valórense e mellórense, así como a metodoloxía suscitada.

3. INTEGRADORA: O obxectivo último é chegar a unha educación integral.

Se avaliará tendo en conta:

- A observación directa
- A programación de todas as actividades
- As escalas para medir os coñecementos e actitudes
- Técnicas individuais e de grupo.

É importante que todo o procedemento de avaliación coñézase para que se teña claro os obxectivos.

Todos os aspectos quedarán reflectidos, tanto nas avaliacións como na Memoria Final do curso.

En resumo o proceso será:

Planificación

Participación

Realización

Presentación de resultados Propostas de mellora

O Departamento de Debuxo contribuirá de forma operativa na CCP para a elaboración da práctica docente do Centro.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos mínimos esixibles ós alumnos coa materia pendente do curso anterior son os mesmos dos establecidos para os distintos grupos e niveis, na programación do Departamento de Debuxo, tanto para a materia de E. Plástica e Visual da ESO, como de Debuxo Técnico do Bacharelato.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Educación Plástica e Visual

O Alumnado coa materia de Educación Plástica e Visual pendente do curso anterior terán tres avaliacións ó longo do curso escolar.

Primeiro parcial: outubro

Segundo parcial: xaneiro

Terceiro parcial: abril.

Para aprobar a materia deberán acadar unha media de 5 nas tres avaliacións, ou superior, e aprobados todos os exames. No caso de non aprobar algún dos exames de novembro ou de xaneiro, no terceiro parcial o alumnado terá opción de un exame de toda a materia. Polo que a terceira avaliación que terá como obxectivo recuperar algunhas das avaliacións anteriores.

Terceiro parcial: abril.

A avaliación, seguindo o criterio xeral establecido na programación do Departamento, farase mediante a realización de exames ou probas prácticas da parte correspondente a cada avaliación; ou en base a execución dunha serie de láminas por avaliación cos exercicios propostos polos profesores do Departamento de Debuxo. Estas láminas deberán ser entregadas polo alumnado nos días sinalados para os exames.

No caso da avaliación mediante láminas, terase en conta non só a valoración das láminas entregadas se non tamén a comprobación, mediante unha proba práctica, dos coñecementos e da capacidade para realizar os exercicios das láminas. A avaliación mediante láminas supón que o alumnado pendente faga as entregas cun calendario de láminas que poderá solicitar ao principio de curso, con este calendario se lle facilitará unha hora semanal para consulta e explicación das mesmas.

Como medida extraordinaria, o departamento considera a materia de EPVA como progresiva, sempre e cando o profesorado que imparta clases ao alumnado pendente o considerase oportuno.

O profesorado da materia de 2º curso de Bacharelato aplicará a proba (escrita e práctica) deseñada polo departamento “antes do comezo das actividades lectivas”, deixando constancia mediante dilixencia nos documentos de avaliación:

- Historial Académico.
- Expediente Académico

- Informe persoal por traslado (se fóra o caso)

Coa valoración desta proba o Departamento toma as medidas didácticas necesarias e adecuadas que posibiliten a todo o alumnado iniciar con éxito a Programación Didáctica prevista para cada grupo e nivel.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se podan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Ao principio do curso o alumnado realizará unha unha proba escrita e/ou práctica. Dita proba será entendida como un conxunto de accións a través das cales se pretende coñecer e valorar a situación de partida do alumnado, os seus coñecementos xa adquiridos, en relación coas novas aprendizaxes que haberán de abordar durante o curso que comezan e servirá para establecer unha ensinanza construtiva baseada nos seus coñecementos e capacidades previas, tanto individualmente e como grupo.

Ten carácter de diagnóstico y de referencia previa, a partir da cal se haberán de tomar as decisións pedagóxicas oportunas para o mellor desenvolvemento do aprendizaxe do alumnado.

4º ESO

Mediante un test proxectivo verase a madurez do alumnado na materia, vendo as distintas partes: visión espacial, perspectiva, relación entre o debuxado, simbolismo, representación, emprego da liña e da cor. Logo nas primeiras clases veremos os coñecementos sobre:

Cor luz, cor pigmento. Cores básicas e primarios, secundarios e terciario, representalos no círculo cromático.

Gamas de cores e a harmonía na cor.
Proceso da visión.
Elementos da linguaxe visual. as lecturas de imaxes.
Deseño de logos.
Operacións con segmentos.
Operacións con ángulos.
Construción de triángulos.
Construción de cuadriláteros
Construción de polígonos.
Tanxencias.

En 2º de Bach o exame será tipo ABAU coa materia de 1º.

I) medidas de atención á diversidade

O profesorado do Departamento nunhas primeiras aproximacións detectan a diversidade do alumnado. Diversidade que ten a súa orixe en factores diversos, derivados das diferentes capacidades intelectuais, psíquicas, sensoriais, motoras e do rol sexual, así como de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos e relixiosos.

Como resposta á esta diversidade tómanse unhas series de medidas a nivel do Centro, do Dpto. de Orientación e do Dpto. de Debuxo.

Planificadas desde o Centro e do Dpto. de Orientación.

Dentro das medidas referidas ao centro temos a elaboración dos diversos instrumentos que concretizan o currículo, tales como o Proxecto do Centro cos documentos que o integran: o Proxecto Curricular de Ciclo, a Programación de Aula, etc., e que serven de marco de referencia e guía de traballo para o profesorado do centro.

De carácter curricular

A realización da Programación da Aula

Optatividade

Adaptacións curriculares

Reforzo educativo individual

Por razón de discapacidade
Modalidade de escolarización
Flexibilidade no período escolar
Apoios materiais e humanos

De tipo económico, social e cultural
Apoios materiais
Recursos humanos desde as Institucións

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Os temas transversais desenrolárase basicamente a través dos contidos actitudinais e de maneira máis concreta a través da programación de actividades que fomenten o coñecemento e a reflexión sobre as actitudes que se encontran máis próxima a eles. Por exemplo:

Educación para a convivencia

A formulación e solución de problemas poden contribuír a desenrolar actitudes de solidariedade, cooperación e ríspeto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en grupo, que convértese así noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos do traballo na aula.

Educación do consumidor

Preténdese dotar aos alumnos e alumnas dos instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e de que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queren crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumismo, manipulación sobre todo nas plataformas audiovisuais ao alcance do alumnado.

Educación no sexista

Nas actividades de grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre o alumnado, e potenciar a participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribúise deste xeito dende a propia actividade na aula, a establecer unhas relacións mais xustas e equilibradas entre as persoas. Traballaremos con exemplos

paritarios e facendo fincapé por que a muller non se ve representada na historia da arte en diversos campos, visibilizando a mulleres na arte.

Poñamos por caso, que o alumnado coñeza a figura de Maruja Mallo, como unha artista galega e de proxección internacional, que forma parte do mapa artístico galego e moi achegada a Isaac Díaz Pardo.

Educación multicultural

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais coma doutro tempo, doutras culturas distintas a nosa, tratando de que os alumnos e alumnas saiban respectalas e valoralas.

Educación ambiental

Potenciarase a adquisición de hábitos para respectar e coidar o medio.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias,

A educación e a seguridade vial.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento EPVA e doutros departamentos nos que participemos.

4º da ESO, colaborase coa biblioteca do Centro, na realización de actividades extraescolares.

Visita a algunha exposición, que se determinará dependendo da dispoñibilidade e da oferta cultural, preferiblemente a un museo do ámbito galego ou a unha exposición temporal das distintas fundacións que teñen oferta cultural na provincia. A visita aos Talleres e a exposición da Fundación Barrié foi realizada en outros anos, obtendo resultados positivos, polo que sería moi interesante poder repetila.

Tamén unha visita á fábrica de O Castro.

Colaboración con distintos Departamentos, nas necesidades artísticas que podan xurdir durante o curso.

Colaboración co departamento de Galego e co departamento de Normalización lingüística do centro.

Murais no centro. Proxecto no muro exterior do aparcadoiro.

Portas do centro, como o ano anterior. Este ano faremos como proxectos:

A portas da cafetería por dentro adicada á paz e pola parte exterior ao dereitos humanos.

A porta de música.

A porta de Tecnoloxía e a do espazo Maker.

Exposicións dos traballos realizados polo alumnado no patio Central do Instituto. Incluso a posibilidade de realizar unha exposición na casa da cultura de Sada.

En xeral coas necesidades plásticas do Centro.

Participación en certames alleos ao centro, principalmente de deseño de carteis e de banda deseñada.

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

DEPARTAMENTO- DIRECCIÓN DO CENTRO- INSPECCIÓN EDUCATIVA

A revisión, avaliación e modificación das programacións parten inicialmente do Departamento, atendendo aos seguintes puntos:

- Cumprimento da Normativa vixente.
- Cumprimento dos obxectivos iniciais previstos.
- Cumprimento dos contidos da programación
- Adaptar a programación ás horas lectivas dos distintos cursos.
- Cumprir os criterios das avaliacións.
- Aos resultados obtidos do curso.
- Ás actualizacións Normativas.

É responsabilidade da Xefa de Departamento facilitar á outra profesora que o compón os documentos e formatos a utilizar para desenvolver correctamente a programación ao longo do curso.

Programouse unha reunión mensual do profesorado do Departamento para realizar un seguimento da programación, onde se discutirá o grao de cumprimento e os motivos, si é o caso, de incumprimento.

A programación está baseada nos formatos e distintos documentos legais facilitados pola Dirección do Centro, que analizará e valorará os informes contidos na programación. Tamén custodiará os informes e documentos da programación.

A inspección revisará e valorará a programación en última instancia.

MATERIA: DEBUXO ARTÍSTICO II 2º BACHARELATO

a) Introducción e contextualización

No Debuxo Artístico II, o alumnado traballa a materia de forma mais subxectiva, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas mais acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás das súas compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara a contorna para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresivo e comunicativo reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez mais tecnolóxica e inmediata.

O debuxo é un medio de comunicación que xorde como resposta do ser humano ao contorno con que se relaciona. Non o debemos entender como un simple paso de cara á creación da obra de arte, pois tamén é un medio que lle permite ao ser humano expresar as súas ideas, sensacións e sentimentos.

Ao longo da historia, os debuxos fixéronse sobre feitos, conserváronse coñecementos e saberes, difundíronse ideas, expresaron modos de ver. Debuxar é unha acción de orden intelectual e valor autónomo, non só un medio auxiliar para a creación de obras de arte. Na sociedade contemporánea a imaxe é un dos medios de expresión máis comúns e universais, que consegue ir máis aló das fronteiras establecidas pola linguaxe da fala, permitindo transmitir ideas a través da linguaxe gráfica. A súa importancia queda patente desde o momento en que consegue converter boa parte das súas creacións en iconas que pasan a formar parte do patrimonio cultural da humanidade.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afines; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiería, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico II se estrutura en cinco bloques de contido:

BLOQUE I "A FORMA, ESTUDO E TRANSFORMACIÓN"
BLOQUE II "EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE"
BLOQUE III "DEBUXO E PERSPECTIVA"
BLOQUE IV "O CORPO HUMANO COMO MODELO"
BLOQUE V "O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO"

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Esta materia axuda a la adquisición das seguintes competencias básicas:

A competencia en comunicación lingüística (CCL)

Esta se verá incrementada nesta materia a través do estudo dos distintos tipos de linguaxes, o verbal, o xestual, o musical e o linguaxe visual e plástico. O seu estudo nos contidos se centrará nestes últimos, como poder de transmisión é indiscutible e non coñece barreiras idiomáticas, independentemente da súa ubicación xeográfica, idioma, grupo social e cultural. Así mesmo, esta

competencia desenvolverase cando o alumnado describa o proceso de traballo, cando argumente as solucións dadas, ou cando realice valoracións dunha obra artística. Verbalizar os novos conceptos aprendidos, manexar o vocabulario propio da materia, formular preguntas acerca das técnicas e os recursos que lle son propios, así como, a lectura de textos e imaxes posibilitará que os alumnos adquiren unha mellor comprensión dos diferentes códigos artísticos. É una competencia amplamente desenvolvida na linguaxe visual mediante o uso de pictogramas, logotipos, anagramas, marcas, etc.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Unha das finalidades da materia é ensinar ao alumnado a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica, así como a profundizar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, por medio da xeometría plana, a perspectiva e a representación obxectiva das formas. Tales capacidades poderán contribuír a que os alumnos a adquiren, xa que permitirá abordar a posta en funcionamento do proceso creativo coa utilización das proporcións, dimensións, relacións e equilibrio das formas de maneira adecuada, e a comprender o mecanismo de creación dunha obra artística.

Competencia digital (CD)

No currículo adquiren importancia os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia. Na sociedade actual, o uso de recursos tecnolóxicos específicos é o método básico e xeneralizado na creación e difusión das imaxes. Por tal motivo, establécese como obxectivo propio da materia o aprendizaxe das novas técnicas para a interpretación da información, en especial a transformación de linguaxes non verbais (gráfico, audiovisual, etc.) e no manexo dos recursos técnicos adecuados para comunicalos a públicos diversos por medio de soportes e formatos diferentes.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

A Educación Plástica e Visual supón un bo medio para desenvolver e mellorar a competencia social e cívica. Naquela medida na que a creación artística supón un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírse á adquisición de habilidades sociais.

Así mesmo, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual que induce ao pensamento creativo e a expresión de emocións, vivencias e ideas, poderá proporcionar experiencias directamente vinculadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A Educación Plástica e Visual contribúe, especialmente, a adquirir esta competencia. Nesta etapa ponse o énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos na utilización das técnicas e recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e a partir do coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga coa diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresarse a través da imaxe.

Dita competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións artísticas e culturais, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute, e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Así mesmo, implica fomentar a expresión gráfica, aplicando o uso correcto das técnicas artísticas, desenvolvendo a cultura visual e a creatividade.

De igual modo, preténdese facilitar ao alumnado información acerca das tendencias artísticas actuais, aportando tamén coñecementos sobre os diferentes períodos culturais e artísticos dende cada unha das distintas manifestacións: arquitectura, escultura, pintura, etc.

Mediante a análise dalgunhas obras relevantes do arte contemporáneo na Coruña, o alumnado poderá reforzar o poder comunicativo e expresivo da linguaxe visual. Para elo, será necesario coñecer o vocabulario específico e utilizar as ferramentas e soportes coas que poder transmitir adecuadamente as ideas. De igual forma fórmase a realización de traballos dirixidos á educación da comunicación visual, fomentando a realización de actividades sobre visualización, a partir de proxectos baseados en procesos creativos, por medio da descrición e a narración do entorno que os rodea.

Aprender a aprender (CAA)

Contribúese na medida en que se favorece a reflexión sobre os procesos na experimentación creativa, posto que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, e tamén a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A Educación Plástica e Visual ten un papel importante no logro das competencias básicas e na adquisición de coñecementos e destrezas imprescindibles no desenvolvemento da ensinanza das distintas materias.

Sentido de iniciativa y espírito emprendedor (CSIEE)

Dado que tódolos procesos de creación supoñen converter unha idea nunha obra, a tal efecto traballáranse estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En definitiva, sitúase ao alumnado ante un proceso que

Ile obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso, xunto co o desenvolvemento do espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentarán a iniciativa e autonomía persoal.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

A ensinanza do debuxo artístico no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades

- * Coñecer e distinguir os elementos básicos que configuran a forma e empregalos correctamente na representación de obxectos e estruturas.
- * Aprender a estrutura interna dos obxectos que se representan e interpretala graficamente.
- * Distinguir os datos esenciais que configuran a forma, prescindindo dos detalles superfluos ou decorativos e atendendo ás proporcións das distintas partes que a configuren para debuxar estruturas formais.
- * Utilizar e desenvolver a memoria visual e a retentiva para elaborar imaxes, tanto desde un punto de vista obxectivo como subxectivo.
- * Utilizar a observación e o estudo directo das formas da natureza como fonte de reflexión para representacións de carácter subxectivo.
- * Interpretar unha forma ou conxunto de formas con diferentes intencións comunicativas ou expresivas.
- * Coñecer e aplicar a terminoloxía básica, así como os materiais, técnicas e procedementos adecuados á finalidade pretendida, adoptar criterios persoais e proceder de xeito racional na resolución das propostas de traballo.
- * Coñecer e utilizar os fundamentos teóricos da cor e o seu uso nas creacións plásticas de xeito razoado e expresivo.
- * Achegar nos debuxos solucións expresivas de carácter subxectivo, como medio para desenvolver a sensibilidade estética, a creatividade e o pensamento.

* Coñecer os fundamentos compositivos e apicalos en obras propias e na análise de obras alleas.

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
BLOQUE 1. A FORMA. ESTUDO E TRANSFORMACIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma. 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas). 	<ul style="list-style-type: none"> · CSIEE · CCEC
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. · B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> · CCEC · CD
BLOQUE 2: A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE				

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> · CSIEE · CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). · DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición. 	<ul style="list-style-type: none"> · CCL · CCEC · CAA
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g · p 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual. 		

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. · B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> · CCL
BLOQUE 3. DEBUXO E PERSPECTIVA				
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g · p 	<ul style="list-style-type: none"> · B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. · B3.2. Representación da forma con fins expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> · B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. · DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. · DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> · CSC · CSIEE · CCEC · CSIEE · CCEC
BLOQUE 4. O CORPO HUMANO COMO MODELO				

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
· b · i · m · n · d · g	· B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.	· B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.	· DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	· CCEC
			· DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	· CMCCT · CCEC
· b · i · m · n · d · g	· B4.2. Nocións básicas de anatomía artística. · B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana.	· B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.	· DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	· CSIEE · CCEC
· b · i · m · n · d	· B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.	· B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.	· DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	· CAA
			· DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos pro-	· CSIEE · CCEC

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
· g			cedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	
· BLOQUE 5. O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO				
· b · j · m · n · d · g	· B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.	· B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.	· DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	· CD
· b · j · m · n · d · g	· B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.	· B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das	· DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos. · DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	· CSC · CSIEE · CCEC

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
		TIC.	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> · CMCCT · CAA
			<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> · CCL
			<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> · CAA · CSIEE · CCEC · CCL
<ul style="list-style-type: none"> · b · i · m · n · d · g 	<ul style="list-style-type: none"> · B5.3. Actitude creativa 	<ul style="list-style-type: none"> · B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á 	<ul style="list-style-type: none"> · DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> · CSC

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
OB- XE CTI- VO S	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETEN- CIAS CLAVE
		aula todos os materiais necesarios.		

1 Temporalización

DA II

1ª Avaluación, primeiro trimestre:

BLOQUE I "A FORMA, ESTADO E TRANSFORMACIÓN"

2ª Avaluación, segundo trimestre.

BLOQUE II "A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE"

BLOQUE III "DEBUXO E PERSPECTIVA"

3ª Avaluación, terceiro trimestre.

Bloque IV "O CORPO HUMANO COMO MODELO"

Bloque V "O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO"

A temporalización detallada por temas encóntrase definida no cadro de contidos

2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Queda reflectida no cadro de contidos

1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Aínda que esta materia require dunha metodoloxía distinta da etapa da ESO, dende o punto de vista pedagóxico é prexudicial para o alumnado unha ruptura brusca, en función diso establécese unha serie de criterios da etapa da ESO, como son:

- Empregar o entorno do alumno, sempre que sexa posible, como recurso educativo.
- Fomentar a interacción na aula como motor de aprendizaxe
- Establecerase unha proba inicial para marcar o nivel medio dos alumnos. E os criterios propios do Bacharelato. Elementos epistemolóxicos.

O traballo será valorado con rúbricas que aparecen publicadas neste documento.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

-As unidades didácticas desenvolveranse mediante unha serie de clases teóricas que proporcionarán os conceptos básicos e imprescindibles da materia, completándose os contidos con clases prácticas nas que os alumnos/as experimentarán, crearán e aplicarán os coñecementos teóricos adquiridos.

- O nivel das clase se adaptarán ao grado de madurez dos alumnos, encamiñándose progresivamente a la consecución do pensamento abstracto formal.
- Potenciar as técnicas de investigación e a transferencia entre o aprendido e a vida real.
- Potenciar o traballo autónomo do alumno no aspecto cognitivo, favorecendo a capacidade de aprendizaxe por si mesmo.
- A entrega dos traballos na fecha establecida, para a súa corrección, será un requisito imprescindible, fomentando a capacidade organizativa do alumno e o aproveitamento na clase.

f) Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar

Todos os materiais e recursos dispoñibles no Departamento e expostos anteriormente na programación da ESO.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

*Utilizar adecuadamente a terminoloxía específica dos distintos contidos da materia e utilizar correctamente os procedementos e materiais propostos.

Valorarase a capacidade de seleccionar, relacionar e empregar a terminoloxía e os diversos materiais, adecuándoos á consecución dos obxectivos desexados.

*Describir graficamente as formas, prestando especial atención ás súas organizacións estruturais.

Este criterio valora o desenvolvemento da capacidade cognitiva e dedutiva, baseada na observación da estrutura das formas, e o grao de destreza obtido na consecución da representación dun obxecto con coherencia tanto formal como cromática. O alumnado ten que reflectir a pluralidade formal existente na natureza de xeito claro e estruturado.

*Describir graficamente obxectos do contorno, distinguindo neles elementos básicos da configuración da súa forma. Este criterio pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade de observación, análise, reflexión e destreza para valorar a capacidade de estudo e expresión gráfica da información visual que recibimos.

CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Láminas, entregadas no prazo programado: cualificaranse de 1 a 10 puntos

A nota final determinarase polas notas dos traballos. Que se verán con táboas de indicadores, 70%.

E tamén será cualificado por táboas de indicadores coa observación sistemática, que será recollida no caderno do profesorado, 30%.

A final de curso o alumnado farase unha autoavaliación xustificada que terase tida en conta para a valoración do traballo do alumnado.

Considérase necesario para aprobar a materia que o alumnado:

- * Teñan aprobadas as 3 avaliacións do curso escolar.
- * Realicen a totalidade das láminas e traballos programados.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Orientarase a analizar en que medida conséguense os obxectivos (Avaliación de resultados) e os procesos que se conseguen para alcanzar ditos obxectivos (avaliación de procesos)

A avaliación que desenvolveremos desde o Departamento basearase nos seguintes apartados:

1. CUALITATIVA: Maior importancia ao proceso que aos resultados en se mesmos. Se pretende que comprendan e entendan os procesos de aprendizaxe.
2. MULTIDIRECIONAL: A programación axustarase e responderá ás necesidades do contorno. O deseño educativo pretende conseguir que os obxectivos desenvólvanse, valórense e mellórense, así como a metodoloxía suscitada.
3. INTEGRADORA: O obxectivo último é chegar a unha educación integral.

Se avaliará tendo en conta:

- A observación directa
- A programación de todas as actividades
- As escalas para medir os coñecementos
- Técnicas individuais e de grupo.

É importante que todo o procedemento de avaliación coñézase para que se teña claro os obxectivos.

Todos os aspectos quedarán reflectidos, tanto nas avaliacións como na Memoria Final do curso.

En resumo o proceso será:

Planificación

Participación

Realización

Presentación de resultados Propostas de mellora

O Departamento de Debuxo contribuirá de forma operativa na CCP para a elaboración da práctica docente do Centro.

I) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado de 2º de Bach terá que entregar o material requirido polo profesorado que avalíe a materia pendente.

Terá unha proba por avaliación que contará o 100% da nota. Pero o alumnado poderá entregar as láminas e deste xeito poderá aprobar sen exame. Do mesmo xeito, o

alumnado poderá entregar os traballos e presentarse a exame, podendo mellorar cos traballos entregados a nota da proba práctica.

Para seguimento da materia o profesorado e o alumnado pendente poderán asistir un recreo á semana á clase de DA para asimilar os coñecementos da materia e realizar traballos coa supervisión do profesorado.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

O alumnado do 1º de Bacharelato cursaron as materias obrigatorias de Educación Plástica Visual e Audiovisual nos cursos de 1º e 3º da ESO. Nestes cursos o alumno se ha formado no debuxo das imaxes e a cor co diversas técnicas, destácase a destreza e coñecemento dos materiais na plástica. 4º da ESO a materia de EPVA afonda na plástica coas perspectivas. O alumno matriculado na materia de Debuxo Artístico, teñen acreditados unha mínima formación, suficiente como para emprender unha experiencia na materia de Debuxo Artístico no Bacharelato. Pero, o alumnado que se matricule dunha materia de 2º de Bach sen ter cursada a homónima de 1º terá que realizar os exercicios que se lle indiquen tendo en conta o nivel que acredite, no obstante manterase unha vixilancia e seguimento específico para aquel alumnado que o necesite.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Ao principio do curso o alumnado realizará unha unha proba escrita e práctica. Dita proba será entendida como un conxunto de accións a través das cales se pretende coñecer e valorar a situación de partida do alumnado, os seus coñecementos xa adquiridos, en relación coas novas aprendizaxes que haberán de abordar durante o curso que comezan e servirá para establecer unha ensinanza construtiva baseada nos seus coñecementos e capacidades previas, tanto individualmente e como grupo.

Ten carácter de diagnóstico y de referencia previa, a partir da cal se haberán de tomar as decisións pedagóxicas oportunas para o mellor desenvolvemento do aprendizaxe do alumnado.

l) Medidas de atención á diversidade.

As profesoras do Departamento nunhas primeiras aproximacións aos alumnos detectan a diversidade do alumnado. Diversidade que ten a súa orixe en factores diversos, derivados das diferentes capacidades intelectuais, psíquicas, sensoriais, motoras e do

rol sexual dos suxeitos, así como de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos e relixiosos.

Como resposta á esta diversidade tómanse unhas series de medidas a nivel do Centro, do Dpto. de Orientación e do Dpto. de Debuxo.

As planificadas desde o Centro e do Dpto. de Orientación.

Dentro das medidas referidas ao centro temos a elaboración dos diversos instrumentos que concretan o currículo, tales como o Proxecto do Centro cos documentos que o integran: o Proxecto Curricular de Ciclo, a Programación de Aula, etc., e que serven de marco de referencia e guía de traballo para os profesores do centro:

*De carácter curricular

*Por razón de discapacidade:

- Modalidade de escolarización
- Flexibilidade no período escolar
- Apoios materiais e humanos

*De tipo económico, social e cultural

- Apoios materiais
- Recursos humanos desde as Institucións

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Os temas transversais desenrolárase basicamente a través dos contidos actitudinais e de maneira máis concreta a través da programación de actividades que fomenten o coñecemento e a reflexión sobre as actitudes que se encontran máis próxima a eles. Por exemplo:

*Educación para a convivencia

A formulación e solución de problemas poden contribuír a desenrolar actitudes de solidariedade, cooperación e ríspeto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en grupo, que convértese así noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos do traballo na aula.

*Educación para o consumo

Preténdese dotar ao alumnado dos instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e de que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queren crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumismo.

*Educación no sexista

Nas actividades de grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre a totalidade do alumnado, e potenciar a participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribuíse deste xeito dende a propia actividade na aula, a establecer unhas relacións mais

xustas e equilibradas entre as persoas. Dotar de exemplos paritarios e explicar porque en moitos tramos de historia da arte non hai representación feminina.

*Educación multicultural

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais coma doutro tempo, doutras culturas distintas a nosa, tratando de que os alumnos e alumnas saiban respectalas e valoralas.

*Educación ambiental

Potenciarase a adquisición de hábitos para respectar e coidar o medio.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias,

*A educación e a seguridade viaria.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas

Balconadas.

Murais no centro.

Concursos de postais para Nadal.

Concursos de fóra do centro de deseño, pintura, cómic e outras técnicas que sexan traballadas na materia.

Visitas a exposicións que afonden en temas tratados na aula.

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

DEPARTAMENTO- DIRECCIÓN DO CENTRO- INSPECCIÓN EDUCATIVA

A revisión, avaliación e modificación das programacións parten inicialmente do Departamento, atendendo aos seguintes puntos:

- Cumprimento da Normativa vixente.
- Cumprimento dos obxectivos iniciais previstos.
- Cumprimento dos contidos da programación
- Adaptar a programación ás horas lectivas dos distintos cursos.
- Cumprir os criterios das avaliacións.
- Aos resultados obtidos do curso.
- Ás actualizacións Normativas.

É responsabilidade da Xefa de Departamento facilitar ao profesorado que o compón os documentos e formatos a utilizar para desenvolver correctamente a programación ao longo do curso.

Programouse, como mínimo, unha reunión mensual do profesorado do Departamento para realizar un seguimento da programación, onde se discutirá o grado de cumprimento e os motivos, si é o caso, de incumprimento.

A programación está baseada nos formatos e distintos documentos legais facilitados pola Dirección do Centro, que analizará e valorará os informes contidos na programación. Tamén custodiará os informes e documentos da programación.

A inspección revisará e valorará a programación en última instancia.

MATERIA: DEBUXO TÉCNICO II BACHARELATO

a) Introducción e contextualización

A necesidade de contar cunha ferramenta á disposición da descrición da forma, obxectivamente entendida, é o que lle dá sentido ó debuxo técnico.

Desde a antigüidade o ser humano utilizou o debuxo como un medio de representación con que comunicarse e expresarse. O Debuxo Técnico, cos seus primeiros pasos que se remontan máis de 2000 anos na historia, representan aquela parte do debuxo que trata de darnos unha visión da realidade da forma máis fiable posible fronte ao debuxo artístico que busca comunicar ideas e sensacións.

A teoría e a práctica desta disciplina están presididas polo criterio de ofrecer unha visión controlada das estruturas formais, os obxectos e os espazos, así como as súas relacións espaciais no mundo real ou mesmo teórico. Así, o Debuxo Técnico convértese nunha linguaxe universal ó servizo da expresión científica e técnica.

O debuxo técnico como linguaxe que é, está estruturado por unha gramática propia que lle dá coherencia, racionalidade e comprensibilidade.

Co fin de procurar un estudio sistemático da materia, o debuxo técnico estrutúrase en tres bloques, sempre relacionadas entre si, aínda que con entidade propia:

BLOQUE I "O DEBUXO TÉCNICO"

BLOQUE II "SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN"

BLOQUE III "NORMALIZACIÓN"

Estes bloques non deben entenderse como compartimentos illados que hai que abordar secuencialmente, senón que están interrelacionados, e uns precisan dos outros para o seu manexo e comprensión.

As novas tecnoloxías, con os seus programas de deseño asistido por ordenador, proporcionánnos unha ferramenta moi útil para o desenvolvemento da materia e para preparar ao alumnado para actividades universitarias o profesionais relacionadas co debuxo técnico.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A competencia en comunicación lingüística (CCL)

Ésta se verá incrementada nesta materia a través do estudo dos distintos tipos de linguaxes, o verbal, o xestual, o musical e o linguaxe visual e plástico. O seu estudo nos contidos se centrará nestes últimos, como poder de transmisión é indiscutible e non coñece barreiras idiomáticas, independentemente da súa ubicación xeográfica, idioma, grupo social e cultural. Así mesmo, esta competencia desenvolverase cando o alumnado describa o proceso de traballo, cando argumente as solucións dadas, ou cando realice valoracións dunha obra artística. Verbalizar os novos conceptos aprendidos, manexar o vocabulario propio da materia, formular preguntas acerca das técnicas e os recursos que lle son propios, así como, a lectura de textos e imaxes posibilitará que os alumnos adquiran unha mellor comprensión dos diferentes códigos artísticos. É una competencia amplamente desenvolvida na linguaxe visual mediante o uso de pictogramas, logotipos, anagramas, marcas, etc.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Unha das finalidades da materia é ensinar ao alumnado a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica, así como a profundizar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, por medio da xeometría plana, a perspectiva e a representación obxectiva das formas. Tales capacidades poderán contribuír a que os alumnos a adquiran, xa que permitirá abordar a posta en funcionamento do proceso creativo coa utilización das proporcións, dimensións, relacións e equilibrio das formas de maneira adecuada, e a comprender o mecanismo de creación dunha obra artística.

Competencia digital (CD)

No currículo adquiren importancia os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia. Na sociedade actual, o uso de recursos tecnolóxicos específicos é o método básico e xeneralizado na creación e difusión das imaxes. Por tal motivo, establécese como obxectivo propio da materia o aprendizaxe das novas técnicas para a interpretación da información, en especial a transformación de linguaxes non verbais (gráfico, audiovisual, etc.) e no manexo dos recursos técnicos adecuados para comunicalos a públicos diversos por medio de soportes e formatos diferentes.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

A Educación Plástica e Visual supón un bo medio para desenvolver e mellorar a competencia social e cívica. Naquela medida na que a creación artística supón un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuirase á adquisición de habilidades sociais.

Así mesmo, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual que induce ao pensamento creativo e a expresión de emocións, vivencias e ideas, poderá proporcionar experiencias directamente vinculadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A Educación Plástica e Visual contribúe, especialmente, a adquirir esta competencia. Nesta etapa pónse o énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos na utilización das técnicas e recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e a partir do coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga coa diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresarse a través da imaxe.

Dita competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións artísticas e culturais, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute, e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Así mesmo, implica fomentar a expresión gráfica, aplicando o uso correcto das técnicas artísticas, desenvolvendo a cultura visual e a creatividade.

De igual modo, preténdese facilitar ao alumnado información acerca das tendencias artísticas actuais, aportando tamén coñecementos sobre os diferentes períodos culturais e artísticos dende cada unha das distintas manifestacións: arquitectura, escultura, pintura, etc.

Mediante a análise dalgunhas obras relevantes do arte contemporáneo na Coruña, o alumnado poderá reforzar o poder comunicativo e expresivo da linguaxe visual. Para elo, será necesario coñecer o vocabulario específico e utilizar as ferramentas e soportes coas que poder transmitir adecuadamente as ideas. De igual forma fórmase a realización de traballos dirixidos á educación da comunicación visual, fomentando a realización de actividades sobre visualización, a partir de proxectos baseados en procesos creativos, por medio da descrición e a narración do entorno que os rodea.

Aprender a aprender (CAA)

Contribúese na medida en que se favorece a reflexión sobre os procesos na experimentación creativa, posto que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, e tamén a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A Educación Plástica e Visual ten un papel importante no logro das competencias básicas e na adquisición de coñecementos e destrezas imprescindibles no desenvolvemento da ensinanza das distintas materias.

Sentido de iniciativa y espírito emprendedor (CSIEE)

Dado que tódolos procesos de creación supoñen converter unha idea nunha obra, a tal efecto traballáranse estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En definitiva, sitúase ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso, xunto co o desenvolvemento do espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentarán a iniciativa e autonomía persoal.

c) Concreción dos obxectivos para o curso.

A ensinanza do Debuxo Técnico no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.

Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a presentación do debuxo no referido a diferenciación dos distintos trazos que o configuran e a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.

Considerar o debuxo técnico como un linguaxe científica, polo que é necesario coñecer a súa sintaxe para comprender e expresar a información.

Coñecer e comprender os principios da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.

Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.

Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO, referidas a obtención, posición e acoutamento das vistas de formas descritas.

Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.

Planificar e reflexionar sobre os procesos de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.

Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicación da vida cotián, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.

Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

d. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1.Temporalización

Os contidos están divididos en tres bloques, polo que a súa temporalización establécese en base a ditos bloques:

1ª Avaliación, primeiro trimestre:

Bloque I : DEBUXO TÉCNICO

2ª Avaliación, segundo trimestre.

Bloque II: SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN

3ª Avaliación, terceiro trimestre.

Bloque III NORMALIZACIÓN

2 Procedementos e instrumentos de avaliación

As unidades didácticas desenvolveranse mediante unha serie de clases teóricas que proporcionarán os conceptos básicos e imprescindibles da materia, completándose os contidos con clases prácticas nas que o alumnado experimentarán, crearán e aplicarán os coñecementos teóricos adquiridos.

A materia está repartida en tres avaliacións trimestrais que poderán coincidir con cada un dos corpos temáticos nos que se estrutura a materia. A avaliación ten como obxectivo o proceso de ensinanza-aprendizaxe de forma continua, individualizada e integradora. Na avaliación dos alumnos/as teranse en conta os seguintes criterios:

Coñecementos adquiridos, que se demostrarán a nivel práctico nos exames de avaliación e nas láminas que realizarán periodicamente.

Presentación e acabado dos traballos.

Destreza e dominio da técnica, e creatividade na súa aplicación.

Interese e actitude da aula, responsabilidade individual e solidariedade co grupo.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

-As unidades didácticas desenvolveranse mediante unha serie de clases teóricas que proporcionarán os conceptos básicos e imprescindibles da materia, completándose os contidos con clases prácticas nas que os alumnos/as experimentarán, crearán e aplicarán os coñecementos teóricos adquiridos.

-O nivel das clase se adaptarán ao grado de madurez dos alumnos, encamiñándose progresivamente a la consecución do pensamento abstracto formal.

-Potenciar as técnicas de investigación e a transferencia entre o aprendido e a vida real.

-Potenciar o traballo autónomo do alumno no aspecto cognitivo, favorecendo a capacidade de aprendizaxe por si mesmo.

-A entrega dos traballos na fecha establecida, para a súa corrección, será un requisito imprescindible, fomentando a capacidade organizativa do alumno e o aproveitamento na clase. Farase un exame por avaliación.

Os materiais dispoñibles no Departamento exposto anteriormente.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Resolver problemas xeométricos nos que interveñan puntos, liñas ou polígonos, valorando o método e o razoamento utilizados na súa construción, así como o seu acabado e presentación. Valorarase o dominio acadado polo alumnado dos trazados xeométricos fundamentais no plano e a súa aplicación práctica na construción de triángulos, cuadriláteros e de polígonos en xeral, construción de figuras semellantes e transformación xeométricas básicas.

Utilizar e construír escalas gráficas e numéricas tanto para a interpretación como para a elaboración de planos e debuxos. Valorarase en que medida se comprendeu o fundamento das escalas, como concepto abstracto-matemático e aplicadas a distintas situacións que se poden dar na vida cotiá, xa sexa para interpretar as medidas dun plano técnico, mapa ou diagrama, ou para elaborar debuxos tomados da realidade.

Deseñar e/ou reproducir formas non excesivamente complexas, que na súa definición conteñan enlaces entre circunferencias e recta e/ou entre circunferencias. Valorarase a aplicación práctica dos casos de tanxencias estudados de forma illada. Especialmente o proceso seguido para a súa resolución, así como a precisión na obtención dos puntos de tanxencia.

Elaborar e participar activamente en proxectos de construción xeométrica cooperativos, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. Valorarase se o alumnado é capaz de traballar en equipo, mostrando actitudes de cooperación, tolerancia e flexibilidade.

Utilizar o sistema diédrico para representar volumes sinxelos e formas poliédricas, así como as relacións espaciais entre punto, recta e plano. Valorarase o grao de abstracción adquirido e o dominio do sistema diédrico para representar no plano elementos situados no espazo, relacións de pertenza, posicións de paralelismo e de perpendicularidade ou distancia.

Realizar perspectivas axonométricas e cónicas de corpos, definidos polas súas vistas principais e viceversa, executadas a man alzada ou delineadas. Valorarase a visión espacial desenvolvida polo alumnado e a capacidade de relacionar entre si o sistema diédrico co axonométrico e coa perspectiva cónica, ademais de valorar as habilidades e destrezas adquiridas no manexo dos instrumentos de debuxo e no trazado a man alzada.

Representar pezas e elementos industriais ou de construción sinxelos, valorando a correcta aplicación das normas referidas a vistas, anotación e simplificacións indicadas na representación. Valorarase en que medida o alumnado é capaz de expresar graficamente un produto ou un obxecto, coa información necesaria para a súa posible fabricación, aplicando as normas do debuxo técnico.

Culminar os traballos de debuxo técnico, utilizando os diferentes procedementos e recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan ao obxectivo para o que foron realizados. Valorarase a capacidade para dar distintos tratamentos ou aplicar diferentes recursos gráficos ou informáticos, en función do tipo de debuxo que se vai realizar e das súas finalidades. Este criterio integrase no resto dos criterios de avaliación na medida que lles afecte.

CONSIDERACIÓNS ANTE EXAME FRAUDULENTO.

No caso de que o profesorado detecte que o alumnado emprega prácticas fraudulentas (copiar, chuletas, coñecer previamente o exame,utilizar comunicación verbal nas probas, uso de métodos tecnolóxicos como reloxos, auriculares...) a proba quedará invalidada e a cualificación da totalidade da proba será 0.

No caso de plaxiar ou copiar exercicios que se deban presentar... en definitiva recurrir ao engano, o traballo, será valorado cun 0.

De producirse calquera tipo de práctica irregular nunha proba o alumnado suspenderá ese exame cun 0.

De producirse o feito na convocatoria final a cualificación da proba será cero puntos, e polo tanto suspenderá a materia nesta convocatoria.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Orientarase a analizar en que medida conséguense os obxectivos (Avaliación de resultados) e os procesos que se conseguen para alcanzar ditos obxectivos (avaliación de procesos)

A avaliación que desenvolveremos desde o Departamento basearase nos seguintes apartados:

1. CUALITATIVA: Maior importancia ao proceso que aos resultados en se mesmos. Se pretende que comprendan e entendan os procesos de aprendizaxe.

2.MULTIDIRECCIONAL: A programación axustarase e responderá ás necesidades do contorno. O deseño educativo pretende conseguir que os obxectivos desenvólvanse, valórense e mellórense, así como a metodoloxía suscitada.

3. INTEGRADORA: O obxectivo último é chegar a unha educación integral.

Se avaliará tendo en conta:

- A observación directa (referido á realización das láminas, emprego correcto dos materiais e capacidade de resolución de exercicios novos).
- A programación de todas as actividades
- As escalas para medir os coñecementos e actitudes
- Técnicas individuais e de grupo.

É importante que todo o procedemento de avaliación coñézase para que se teña claro os obxectivos.

Todos os aspectos quedarán reflectidos, tanto nas avaliacións como na Memoria Final do curso.

En resumo o proceso será:

Planificación

Participación

Realización

Presentación de resultados Propostas de mellora

O Departamento de Debuxo contribuirá de forma operativa na CCP para a elaboración da práctica docente do Centro.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Se atende aos mesmos criterios que o indicado en DA.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

O alumnado do 1º de Bacharelato han cursado as materias obrigatorias de EPVA nos cursos de 1º e 3º da ESO. Nestes cursos o alumno se ha formado no debuxo das imaxes e a cor co diversas técnicas, destácase a destreza e coñecemento dos materiais na plástica. 4º da ESO a materia de EPVA afonda na plástica coas perspectivas. O alumno matriculado na disciplina de Debuxo Artístico, ten acreditados unha mínima formación, suficiente como para emprender unha experiencia na materia de Debuxo Artístico no Bacharelato. No obstante manterase unha vixilancia e seguimento específico para aqueles alumnos que o necesiten.

Nesta materia se necesita moito traballo de debuxo, proxecto creativo, bocetos...

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Ao principio do curso o alumnado realizan exercicios co lapis para comprobar o nivel e establecer unhas pautas precisas para aqueles alumnos que máis o necesiten.

l) Medidas de atención á diversidade

As profesoras do Departamento nunhas primeiras aproximacións detectan a diversidade do alumnado. Diversidade que ten a súa orixe en factores diversos, derivados das diferentes capacidades intelectuais, psíquicas, sensoriais, motoras e do rol sexual dos suxeitos, así como de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos e relixiosos.

Como resposta á esta diversidade tómanse unhas series de medidas a nivel do Centro, do Dpto. de Orientación e do Dpto. de Debuxo.

Planificadas desde o Centro e do Dpto. de Orientación.

Dentro das medidas referidas ao centro temos a elaboración dos diversos instrumentos que concretizan o currículo, tales como o Proxecto do Centro cos documentos que o integran: o Proxecto Curricular de Ciclo, a Programación de Aula, etc., e que serven de marco de referencia e guía de traballo para o profesorado do centro:

*De carácter curricular

*Por razón de discapacidade

-Modalidade de escolarización

-Flexibilidade no período escolar

-Apoios materiais e humanos

*De tipo económico, social e cultural

Apoios materiais

Recursos humanos desde as Institucións

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Os temas transversais desenrolárase basicamente a través dos contidos actitudinais e de maneira máis concreta a través da programación de actividades que fomenten o coñecemento e a reflexión sobre as actitudes que se encontran máis próxima a eles. Por exemplo:

***Educación para a convivencia**

A formulación e solución de problemas poden contribuír a desenvolver actitudes de solidariedade, cooperación e ríspeto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en grupo, que convértese así noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos do traballo na aula.

***Educación do consumidor**

Preténdese dotar aos alumnos e alumnas dos instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e de que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queren crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumismo.

***Educación no sexista**

Nas actividades de grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre alumnos e alumnas, e potenciar a participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribúise deste xeito dende a propia actividade na aula, a establecer unhas relacións mais xustas e equilibradas entre as per-soas.

***Educación multicultural**

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais coma doutro tempo, doutras culturas distintas a nosa, tratando de que os alumnos e alumnas saiban respectalas e valoralas.

***Educación ambiental**

Potenciarase a adquisición de hábitos para respectar e coidar o medio.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias,

***A educación e a seguridade viaria.**

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

Visitas a museos de ámbito galego con exposicións permanentes o temporais de interese para o nivel.

Revisar e empregar a oferta cultural de distintas fundacións do eido cultural, como outros anos fixemos neste centro, como a visita aos Talleres e a exposición da Fundación Barrié.

Visitas a lugares importantes do noso concello e arredores.

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

DEPARTAMENTO- DIRECCIÓN DO CENTRO- INSPECCIÓN EDUCATIVA

A revisión, avaliación e modificación das programacións parten inicialmente do Departamento, atendendo aos seguintes puntos:

- Cumprimento da Normativa vixente.
- Cumprimento dos obxectivos iniciais previstos.
- Cumprimento dos contidos da programación
- Adaptar a programación ás horas lectivas dos distintos cursos.
- Cumprir os criterios das avaliacións.
- Aos resultados obtidos do curso.
- Ás actualizacións Normativas.

É responsabilidade da Xefa de Departamento facilitar ao profesorado que o compoñen os documentos e formatos a utilizar para desenvolver correctamente a programación ao longo do curso.

Programouse unha reunión mensual do profesorado de Departamento para realizar un seguimento da programación, onde se discutirá o grado de cumprimento e os motivos, si é o caso, de incumprimento.

A programación está baseada nos formatos e distintos documentos legais facilitados pola Dirección do Centro, que analizará e valorará os informes contidos na programación. Tamén custodiará os informes e documentos da programación.

A inspección revisará e valorará a programación en última instancia.

CONTIDOS 2º BACHARELATO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	BLOQUE 1. XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO			
b d e g i l	<p>B1.1. Resolución de problemas xeométricos.</p> <p>B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.</p> <p>B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.</p> <p>B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.</p> <p>B1.5. Aplicacións.</p> <p>B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.</p> <p>B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.</p>	<p>B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p>	<p>DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.</p>	CCL
			<p>DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.</p>	CMCCT
			<p>DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.</p>	CAA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
			DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándolos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.	CSIEE
			DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	CMCCT
b d e g i l	B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas. B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das	B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.	DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.	CCL
			DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección	CAA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	COMPETENCIAS CLAVE
	<p>curvas cíclicas e envolventes.</p> <p>B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p>		<p>e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.</p> <p>DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.</p>	<p>CSIEE</p>
<p>b</p> <p>d</p> <p>e</p> <p>g</p> <p>i</p> <p>l</p>	<p>B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p> <p>B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas.</p>	<p>B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.</p>	<p>DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.</p> <p>DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.</p>	<p>CCL</p> <p>CSIEE</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	<p>Aplicacións.</p> <p>B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.</p> <p>B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.</p>		<p>DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.</p>	<p>CMCCT</p>
BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN				
<p>b d e g i l</p>	<p>B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.</p> <p>B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.</p> <p>B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.</p> <p>B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.</p> <p>B2.5. Abatemento de planos.</p>	<p>B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de repre-</p>	<p>DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.</p>	<p>CAA</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	<p>Determinación dos seus elementos. Aplicacións.</p> <p>B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.</p> <p>B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.</p> <p>B2.8. Afinidade entre proxeccións.</p> <p>B2.9. Problema inverso ao abatemento.</p> <p>B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.</p> <p>B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.</p> <p>B2.12. Determinación das súas seccións principais.</p> <p>B2.13. Representación de prismas e pirámides.</p>	<p>sentación de corpos ou espazos tridimensionais.</p>	<p>DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.</p> <p>DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.</p> <p>DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.</p>	<p>CSIEE</p> <p>CAA</p> <p>CSIE</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
b d e g i l	<p>B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.</p> <p>B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.</p> <p>B2.16. Interseccións.</p> <p>B2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.</p>	<p>B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.</p>	<p>DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.</p>	<p>CMCCT CAA</p>
			<p>DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p>	<p>CMCCT</p>
			<p>DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.</p>	<p>CMCCT</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
			DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	CAA
b d e g i l	<p>B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.</p> <p>B2.19. Posición do triedro fundamental.</p> <p>B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.</p> <p>B2.21. Determinación de coeficientes de redución.</p> <p>B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.</p>	B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas	<p>DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.</p> <p>DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se</p>	<p>CMCCT</p> <p>CCEC</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	B2.23. Representación de figuras planas. B2.24. Representación simplificada da circunferencia. B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.	principais.	desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	CMCCT
BLOQUE 3. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS				
b d e g i l	B3.1. Elaboración de bosqueños, esbozos e planos. B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual. B3.3. Proxecto: tipos e elementos. B3.4. Planificación de proxectos. B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación	B3.1. Elaborar bosqueños, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	CSC CMCCT

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	<p>de tarefas.</p> <p>B3.6. Elaboración das primeiras ideas.</p> <p>B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.</p> <p>B3.8. Presentación de proxectos.</p> <p>B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.</p> <p>B3.10. Debuxo de bosqueños a man alzada e esquemas.</p> <p>B3.11. Elaboración de debuxos cotados.</p> <p>B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.</p>	<p>dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p>	<p>DT2.B3.1.3. Debuxa bosqueños a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.</p> <p>DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosqueños a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.</p>	<p>CCEC</p> <p>CCEC</p>
b d e	<p>B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao de-</p>	<p>B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosqueños, os esbozos e os planos necesarios para a definición</p>	<p>DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a</p>	<p>CD</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	COMPETENCIAS CLAVE
g i l	<p>seño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.</p> <p>B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.</p> <p>B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.</p> <p>B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.</p> <p>B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.</p>	<p>dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p>	<p>exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p> <p>DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.</p> <p>DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando</p>	<p></p> <p>CD</p> <p>CD</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
			o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.	
			DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	CD

a) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Resolver problemas xeométricos valorando o método e o razoamento das construcións, o seu acabado e presentación. Valorarase o nivel de coñecemento dos trazados xeométricos no plano e na construción de polígonos e de figuras semellantes, equivalentes, homólogas ou afíns a outras dadas.

Executar debuxos técnicos empregando as distintas escalas; a establecida previamente e as escalas normalizadas. Valorarase a capacidade para aplicar na práctica as escalas na execución de debuxos técnicos. Valorarase igualmente a destreza e a precisión.

Resolver problemas de tanxencias de xeito illado ou inxeridos na definición dunha forma, xa sexa esta de carácter industrial ou arquitectónico. Valorarase a resolución de formas constituídas por enlaces e a precisión na obtención dos puntos de tanxencia.

Resolver problemas xeométricos relativos as curvas cónicas en que interveñan elementos principais destas, interseccións con rectas ou rectas tanxentes. Trazar curvas técnicas a partir da súa definición. Valorarase ademais do proceso seguido na resolución do problema, a exactitude e a precisión na definición das curvas e dos puntos de tanxencia.

Utilizar o sistema diédrico para resolver problemas de posicionamento de puntos, rectas, figuras planas e corpos, e as relacións que establecen entre elas no espazo. Valorarase o nivel acadado na comprensión e na utilización do sistema diédrico para representar formas planas ou corpos e as súas relacións..

Realizar a perspectiva dun obxecto definido polas súas vistas ou seccións e viceversa. Valorarase a visión espacial desenvolta e a capacidade de comprender e relacionar os distintos sistemas de representación a demais de valorar a destreza no manexo dos instrumentos de debuxo e a manalzada.

Definir graficamente pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando correctamente as normas referidas a vistas, cortes, seccións, roturas e anotación. Valorarase a capacidade de elaborar os planos técnicos para describir ou fabricar un obxecto, de acordo coas normas establecidas no debuxo técnico.

Empregar o sistema de planos acoutados, xa sexa para resolver problemas de intersección, xa para obter o perfil dun terreo a partir das súas curvas de nivel. Valorarase o nivel de coñecemento do sistema de planos acoutados para utilizalos na resolución de casos prácticos.

Culminar os traballos de debuxo técnico, utilizando os diferentes recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan ao obxectivo para o que foron realizados. Valorarase a capacidade de aplicar diferentes recursos gráficos ou ata informáticos, en función do tipo de debuxo ou da súa finalidade.

CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

2º BACHARELATO:

Cualificación de 0 a 10 puntos.

AVALIACIÓNS PARCIAIS:

Instrumento de avaliación	Ponderación	Avaliación positiva
Exames	70%	Nota media: 5 ou superior. Haberá recuperación dos exames non superados e a cualificación obtida será considerada para o cálculo da media.
Láminas entregadas	30%	Entrega da totalidade das láminas solicitadas polo profesor, na data indicada, e cualificación media de 5 ou superior. As láminas entregadas fóra de prazo serán consideradas na cualificación da seguinte avaliación. Só excepcionalmente e coa debida xustificación documentada aceptaranse os traballos fóra do prazo sen que se apliquen os criterios establecidos anteriormente.

Bacharelato: Por cada día de atraso na entrega dos traballos descontarase 0`1 puntos que repercutirá na nota final.

Se unha/un alumna/o obtén a media de 5 ou superior, aprobará a materia.

A nota media de xuño virá dunha media das 3 avaliacións, sempre que teñan un 5 (nota mínima para aprobar). Se unha avaliación non acadara a nota mínima (5) considerarase que non supera a materia. Todo o alumnado que non supere

a materia terá unha proba final de recuperación da totalidade da materia, podendo ser parcial se se alega, documentalmente, algunha causa médica ou de forza maior, nese caso só concorrerá só á/ás avaliación/s non superadas (cunha nota menor de 5).

O alumnado que suspenda (por nota ou por non terse presentado ou por non acadar o 5 nas 3 avaliacións do curso) terá unha recuperación en maio e outra en xuño, nas que realizará un exame da totalidade da materia. Para superar este exame o alumnado terá que acadar un 5 como mínimo.

Redondeo: No caso de nota con decimais o redondeo realizarase se supera o 5, as notas inferiores ao 5 non terán redondeo, a nota será sen decimais. Se supera o 5 o redondeo será con máis de 5 decimais (Con un 5,5 levará un 5, con un 5,6 levará un 6 na acta) Esta nota só aparecerá na media das avaliacións, o profesorado empregará a nota exacta para a obtención, por exemplo da nota media.

Os criterios de avaliación das adaptacións curriculares virán especificados en cada adaptación, sendo necesario acadar os obxectivos mínimos da adaptación para superar o curso.

AVALIACIÓN FINAL:

- Alumnado coas avaliacións parciais superadas:

Entenderase superada a materia e a cualificación final calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais.

- Alumnado con avaliacións parciais non superadas:

Será imprescindible superar un exame final de todo o contido do curso para acadar un aprobado no caso de ter unha ou varias avaliacións pendentas.

E entregar os traballos que non foron entregados no seu debido momento se fose o caso.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

O alumno que non supere o curso na avaliación ordinaria terá que examinarse de todos os contidos da materia. O exame será o único instrumento de avaliación, ponderando 100%.

CONSIDERACIÓNS ANTE EXAME FRAUDULENTO.

No caso de que o profesorado detecte que o alumnado emprega prácticas fraudulentas (copiar, chuletas, coñecer previamente o exame, utilizar comunicación verbal nas probas, uso de métodos tecnolóxicos como reloxos, auriculares...) a proba quedará invalidada e a cualificación da totalidade da proba será 0.

No caso de plaxiar ou copiar exercicios que se deban presentar... en definitiva recorrer ao engano, o traballo, será valorado cun 0.

De producirse calquera tipo de práctica irregular nunha proba final de recuperación en xuño, o alumnado suspenderá a materia na convocatoria ordinaria.

De producirse o feito na convocatoria extraordinaria, a cualificación da proba será cero puntos, e polo tanto suspenderá a materia nesta convocatoria.

A materia de Debuxo Técnico II contén todos aqueles contidos de Debuxo Técnico I, polo que si un alumno suspende ou 1º curso e aproba 2º curso, cunha nota de 6 ou superior, a materia do 1º curso quedalle aprobada automaticamente.

Tamén terá a oportunidade de examinarse da materia de 1º curso por avaliacións.

Se alguén se matricula de DTII ou DAII sen ter cursada a materia DTI ou DAI terá que presentarse a exame. No caso de ambos será realizado na avaliación inicial, no caso específico do DA o alumnado poderá entregar traballos propios e unha carta no que describa os motivos do cambio. A valoración deste trámite se notificará ao alumnado interesado e a propia dirección do centro,

CONTIDOS MÍNIMOS EXISIBLES EN BACHARELATO ARTÍSTICO II e DEBUXO TÉCNICO II

CONTIDOS DE MÍNIMOS EXISIBLES DEBUXO ARTÍSTICO II
BLOQUE 1 O DEBUXO COMO FERRAMENTA
B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función. B1.3. Materiais, utensilios e soportes básicos. B1.4. Introducción ás técnicas secas e á súa aplicación.
BLOQUE 2. LIÑA E FORMA
B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador. B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.
BLOQUE 3. A COMPOSICIÓN E OS SEUS FUNDAMENTOS
B3.1. Composición intuitiva. B3.2.. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.
BLOQUE 4. A LUZ. O CLAROSCURO E A TEXTURA
B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro. B4.2. A construción das sombras. Valores tonais. B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.
BLOQUE 5. A COR
B5.2. Expresividade da cor.

CONTIDOS DE MÍNIMOS EXISIBLES 2º BACHARELATO DEBUXO TÉCNICO
BLOQUE 1 XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO
B1.1. Resolución de problemas xeométricos. B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións. B1.3. Construción de figuras planas equivalentes. B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. B1.5. Aplicacións. B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias. B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias. B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas. B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións. B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.
BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN

- B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.
- B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.
- B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.
- B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.
- B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.
- B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.
- B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.
- B2.9. Problema inverso ao abatemento.
- B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.
- B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.
- B2.12. Determinación das súas seccións principais.
- B2.13. Representación de prismas e pirámides.
- B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.
- B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.
- B2.16. Interseccións.
- B2.17. Xiros, abatementos ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.
- B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.
- B2.19. Posición do triedro fundamental.
- B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.
- B2.21. Determinación de coeficientes de redución.
- B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.
- B2.23. Representación de figuras planas.
- B2.24. Representación simplificada da circunferencia.
- B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.

BLOQUE 3. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS

- B3.1. Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.
- B3.3. Proxecto: tipos e elementos.
- B3.4. Planificación de proxectos.
- B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.
- B3.6. Elaboración das primeiras ideas.
- B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.
- B3.8. Presentación de proxectos.
- B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.
- B3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.
- B3.11. Elaboración de debuxos cotados.
- B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.
- B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.
- B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.

Rúbricas para os cursos e as materias de EPVA LAB de EPVA, DT I e II, DA I e II

Neste apartado pódense consultar as rúbricas das materias do departamento de AA.PP. Que son:

4ºESO EPVA

2ºBACH DA

2ºBACH DT

4º ESO EPVA

	5 Excelente	4 Bastante bo	3 Bo	2 Regular	0-1
Limpeza 10%	A presentación é axeitada á técnica empregada. E en xeral a lámina está impecable.	Estando a lámina limpa, pero aparecen certas imperfeccións no soporte.	A lámina está maiormente limpa, aínda que podemos ver liñas borradas e marcas visibles a través das zonas debuxadas ou pintadas.	A lámina vese con borróns, manchas, engurras. O tratamento da técnica está esencialmente pouco claro.	A lámina non está limpa.
	1,00	0.75	0.5	0.25	0
Trazado 15%	O emprego da técnica é moi bo.	As técnicas non están empregadas con corrección.	Se atopan fallos graves na técnica/non se resolve ben o exercicio.	Técnica mal empregada que revela a falta coñecemento absoluto da técnica empregada.	Non emprega a técnica específica da lámina.
	1.5	1	0.5	0.25	0
Contido 60%	A nivel conceptual a lámina responde a todo o requirido polo exercicio.	Chega a un bo resultado, e cando non é así, repite as láminas/exercicios de xeito voluntario.	Os exercicios teñen erros, pero acadada unha solución.	Os erros non permiten chegar a unha solución comprensible.	A lámina non responde aos requirimentos/ o exercicio está copiado.
	6,00	5	3.5	1.5	0
Emprego do material. 10%	Escolle e emprega o material de forma axeitada, trae o material para facer a lámina/exercicio na clase.	Emprega o material dun xeito bastante axeitado, aínda que con algún fallo.	Ten fallos importantes á hora de realizar a lámina. A técnica está mal resolta.	Ten fallos importantes. A técnica ou o emprego da mesma non teñen calidade abondo.	Non trae o material nin realiza a lámina nin na clase, nin na casa.
	0,01	0.75	0.5	0.25	0
Prazos de entrega 5%	Entrega a tempo o traballo.	Entrega a lámina con atraso de até 7 días	Entrega a lámina con atraso de 7 a 15 días	Entrega a lámina con máis de 15 días de atraso.	Non entrega a lámina.
	0.5	0.4	0.3	0.1	0

Rúbrica 2ºBACH DA

	0,00%	4 Bastante bo	3 Bo	2 Regular	0-1
Limpeza 10%	A lámina ou traballo está limpo, o soporte está liso, sen engurras, tendo en conta a técnica.	Estando a lámina limpa, aparecen certas imperfeccións no soporte.	A lámina está maiormente limpa, aínda que podemos ver fallos de limpeza o de emprego da técnica.	A lámina vese con borrons, manchas, engurras. O tratamento da técnica está esencialmente pouco claro.	A lámina non está limpa.
	1,00	0.75	0.5	0.25	0
Trazado 15%	A técnica está traballada con maestría	As técnicas non están empregadas con total corrección.	Se atopan fallos na técnica/non se resolve ben o exercicio.	Ten fallos importantes na técnica que non permiten ver con nitidez o traballo.	Técnica mal empregada que revela a falta coñecemento absoluto da técnica empregada.
	1.5	1	0.5	0.25	0
Contido 60%	Conceptualmente a lámina resposta ao requirido con moi bo resultado.	Chega a un bo resultado, e cando non é así, repite as láminas/exercicios de xeito voluntario.	Os exercicios teñen erros, pero acaba unha solución.	Os erros non permiten chegar a unha solución comprensible.	A lámina non responde aos requirimentos/ o exercicio está copiado.
	6,00	5	3.5	1.5	0
Emprego do material. 10%	Escolle e emprega o material de forma axeitada, trae o material para facer a lámina/exercicio na clase.	Emprega o material dun xeito bastante axeitado, aínda que con algún fallo.	Ten fallos á hora de realizar a lámina. A técnica está mal resolta.	Ten fallos importantes. A técnica ou o emprego da mesma non teñen calidade abondo.	Non trae o material nin realiza a lámina nin na clase, nin na casa.
	0,01	0.75	0.5	0.25	0
Prazos de entrega 5%	Entrega no prazo estipulado	Entrega a lámina con atraso de até 7 días	Entrega a lámina con atraso de 7 a 15 días	Entrega a lámina con máis de 15 días de atraso.	Non entrega a lámina.
	0.5	0.4	0.3	0.1	0

Rúbrica 2ºBACH DT

	5 Excelente	4 Bastante bo	3 Bo	2 Regular	0-1
Limpeza 10%	A lámina está limpa e non se aprecian nin manchas, nin borróns nin marcas de zonas borradas. O soporte está liso, sen engurras. Emprega letra normalizada e a marxe é correcta.	Estando a lámina limpa, sen manchas, a superficie está lisa, pero apreciamos trazados borrados. Non toda a letra é normalizada/a marxe non se axusta.	A lámina está maiormente limpa aínda que podemos ver liñas borradas e marcas. Non usa letra normalizada. A marxe non é axeitada.	A lámina vese con borróns, manchas, engurras. A letra normalizada e/ou a marxe non ten medidas correctas.	A lámina non está limpa. A letra é ilexible/ non hai ou non está ben feito a marxe.
	1	0.75	0.5	0.25	0
Trazado 15%	Todos os trazados son limpos, exactos e as liñas teñen o grosor axeitado. Emprega 2 grosos distinguindo a construción da solución.	Os trazados son maioritariamente correctos e exactos. Emprega 2 grosos.	Aínda que se atopan fallos na exactitude, se comprende a solución do exercicio. Non emprega 2 grosos ou hai fallos de grosor nos trazados.	Trazos inexactos moi grosos. Incluso pode que o mal trazado leve a fallos moi significativos no resultado.	O trazado non é a regra, ou é errático.
	1.5	1	0.5	0.25	0
Contido 60%	Realiza todos os exercicios conforme a teoría dada, resolve os problemas con lóxica atendendo aos procesos correctamente.	Chega a un bo resultado, e cando non é así, repite as láminas de xeito voluntario.	Os exercicios teñen erros, pero acadada unha solución lexible.	Os erros non permiten chegar a unha solución lexible.	A lámina non responde aos requirimentos
	6	5	3.5	1.5	0
Emprego do material. 10%	Emprega o material de forma axeitada, trae o material para facer a lámina na clase.	Emprega o material ben, pero se observan fallos. Trae o material.	Se esquece o material en días puntuais/ se observan fallos no uso do material.	Non trae o material para facer esta lámina e ten que facela na casa	Non trae material de forma habitual/ non o sabe empregar.
	1	0.75	0.5	0.25	0
Prazos de entrega 5%	Entrega a tempo todas as láminas	Entrega a lámina con atraso de até 7 días	Entrega a lámina con atraso de 7 a 15 días	Entrega a lámina con máis de 15 días de atraso.	Non entrega a lámina.



Posibles escenarios:

Tendo en conta o acontecido no 2020, conservamos no documento unha parte para describir como será o desenvolvemento da programación en distintos escenarios:

- 1.- Escenario presencial
- 2.- Escenario semipresencial
- 3.- Escenario tele.

1.- Escenario presencial

En este escenario a programación seguirá a temporalización establecida.

Durante o tempo que as clases sexan presenciais, a metade das sesións da semana serán de teoría e a outra metade serán de realización de láminas e traballos.

Neste escenario, ao igual que nos outros, o alumnado poderá ver a teoría mediante EDIXGAL na ESO ou na Aula virtual no resto dos cursos. Podendo contactar coas profesoras, consultar ou enviar os traballos mediante a plataforma de uso no seu curso e os foros ou correos electrónicos habilitados para tal efecto.

Todas as láminas e traballos presentados nas distintas materias impartidas neste departamento terán que presentarse dixital e fisicamente.

Calquera variación contemplarase nas actas e posteriormente na memoria do curso.

Nas plataformas educativas en rede, tanto en EDIXGAL, como para a aula virtual, aparecerá unha relación das tarefas e a teoría dada.

2.- Escenario semipresencial.

Este escenario é o que contempla docencia mixta, metade na aula e a outra parte o alumnado seguirá o curso desde a súa casa. Para esta segunda vía seguiremos a programación coa temporalización establecida na programación. Temos en conta que todo o protocolo covid ralentiza o normal desenrolo da materia polo que se reflectirá nas actas calquera variación.

Durante a parte presencial, será impartida a teoría, deixando a práctica para a outra metade das sesións da semana na que o alumnado adicará o tempo á realización de láminas e traballos.

Neste escenario, ao igual que nos outros, o alumnado poderá ver a teoría mediante EDIXGAL na ESO e na Aula virtual o resto dos cursos. Podendo contactar coas profesoras, consultar ou enviar os

traballos mediante a plataforma de uso no seu curso e os foros ou correos electrónicos habilitados para tal efecto.

Todas as láminas e traballos presentados nas distintas materias impartidas neste departamento terán que presentarse dixital e fisicamente.

Calquera variación contemplarase nas actas e posteriormente na memoria do curso.

3.- Escenario online.

Este escenario é o que contempla docencia mediante plataformas telemáticas, na que o alumnado proseguirá o curso integramente desde a súa casa. Para esta terceira vía seguiremos a programación coa temporalización establecida na programación. Temos en conta todas as particularidades de problemática específica que podan ocorrer, que se reflectirán integramente no libro de actas. Desde o departamento trataremos de manter o interese do alumnado e responder ás dúbidas, tanto da materia como da canle de comunicación.

Durante a parte telemática a teoría será impartida pos streaming, nas plataformas habilitadas pola Xunta para tal efecto, deixando a práctica para a outra metade das sesións da semana na que o alumnado adicará o tempo á realización de láminas e traballos.

Neste escenario, ao igual que nos outros, o alumnado poderá ver a teoría mediante EDIXGAL na ESO e na Aula virtual o resto dos cursos. Podendo contactar coas profesoras, consultar ou enviar os traballos mediante a plataforma de uso no seu curso e os foros ou correos electrónicos habilitados para tal efecto. Neste escenario poñeremos maior apoio ao alumnado por tratarse dun entorno non moi habitual no que se poden atopar novos problemas, de comunicación, de conexión, de coñecementos informáticos aos que parte do alumnado tarde en facerse.

Todas as láminas e traballos presentados nas distintas materias impartidas neste departamento terán que presentarse dixital e fisicamente.

Calquera variación contemplarase nas actas e posteriormente na memoria do curso.

Para o curso 2023 contemplamos os seguintes aspectos:

1º Valorar ao comenzo de todas as unidades didácticas o coñecemento dos contidos previos que poda precisar o alumnado, e no caso de precisar de afondamento en fundamentos da materia que non se deran en cursos anteriores, se valorará ao comezo das unidades didácticas o coñecemento dos aspectos básicos do alumnado e se fora necesario se farán os reforzos oportunos, que lle permitan adquirir os coñecementos propios do curso actual.

2º Traballar cos contidos na aula virtual, ou EDIXGAL, dependendo do curso, sexa cal sexa o escenario no que nos atopemos.

3º Nas materias e cursos que teñan exame, de avaliación, parciais ou final, estes faranse:

No escenario presencial, presencialmente.

No escenario semipresencial, presencialmente.

No escenario online, os exames serán online, coa cámara acesa en todo momento para verificar que o alumnado está realizando o exame, e poda interactuar coa profesora, se así se lle indica. Terá un tempo de entrega axeitado ao exame e será enviado online, por arquivo fotográfico en formatos jpg, pdf ou png, para a súa valoración. O exame terá que ser entregado fisicamente cando se indique (isto pode variar dependendo de restricións sanitarias).

4º A entrega de láminas terá o límite que se comunique para cada unha, online e fisicamente. Pero nos escenarios semipresencial e online o alumnado ten a obriga de entregala fisicamente cando se indique.

Se por calquera circunstancia que non se teña prevista ao comezo do curso aparece a necesidade de realizar modificacións, estas veranse reflectidas nas actas do Departamento e nos documentos que se nos indique desde a dirección do centro e/ou a Consellería. E poñeranse en coñecemento do alumnado e de toda a comunidade educativa polos medios que se nos indiquen para cada caso.

Para o desenvolvemento lóxico do curso teremos en conta as adaptacións da programación do pasado curso, como os informes individualizados do alumnado. Tamén a memoria do curso 21/22, na que consta os apartados vistos e os que quedaron sen tratar. Facemos constar neste documento, que EPVA é unha materia que non é impartida en cursos seguidos, polo que a revisión aconsellada neste anexo é unha práctica habitual da materia.

Teranse en conta as modificacións que fai a CIUG para as probas ABAU do ano 2023, que non varían do ano pasado.

- O bloque de Trazados Xeométricos pasa a ser Xeometría e Debuxo Técnico, desaparecendo contidos de ángulos na circunferencia, construción de triángulos, polígonos e curvas técnicas.

- O bloque de Sistemas de Representación só terá contidos do sistema diédrico e sistema axonométrico. Non se esixirá sistema cónico (perspectiva lineal) nin sistema acoutado. Esta modificación reflectirase tamén en DT1 no que atinxe ao sistema acoutado, xa que o sistema cónico se lle adicaron as sesións correspondentes a 2 semanas durante as últimas semanas do curso.

- O antigo bloque de Normalización desaparece de 2º de Bacharelato, aínda que algunha parte se pode considerar incluído no novo bloque de Documentación Gráfica de Proxectos, como así se aclara nas orientacións xerais. - Do novo bloque de Documentación Gráfica de Proxectos unicamente se esixirán debuxos de bosquexos a man alzada e elaboración de debuxos acoutados. Pese a iso, recomendouse a presentación dentro da norma dos exercicios elaborados durante o curso, e se lles facilitou material para o seu coñecemento.

-Os contidos que necesitan a utilización de programas informáticos considéranse inviables nestes momentos para as probas.

Nas Actas do Departamento reflíctese o seguimento da programación mes a mes durante todo este curso escolar, en tódolos cursos e grupos. Pódese observar que non se realizaron modificación con respecto a Programación inicial do curso, tamén, que impartíronse a maior parte das Unidades Didácticas en tódolos grupos e niveis, unicamente temos que mencionar que non se puido completar totalmente a programación, a pesar de non haber dedicado moito tempo a cada unha das unidades, quedando por impartir algunhas unidades de o bloque un de expresión plástica e a Comunicación Visual relativa a os temas dixitais, e no segundo de bacharelato de debuxo técnico as unidades relativas a os temas dixitais explicáronse someramente por non poder usar ordenadores.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

DEPARTAMENTO- DIRECCIÓN DO CENTRO- INSPECCIÓN EDUCATIVA

A revisión, avaliación e modificación das programacións parten inicialmente do Departamento, atendendo aos seguintes puntos:

- Cumprimento da Normativa vixente.
- Cumprimento dos obxectivos iniciais previstos.
- Cumprimento dos contidos da programación
- Adaptar a programación ás horas lectivas dos distintos cursos.
- Cumprir os criterios das avaliacións.
- Aos resultados obtidos do curso.
- Ás actualizacións Normativas.

É responsabilidade da Xefa de Departamento facilitar ao profesorado os documentos e formatos a utilizar para desenvolver correctamente a programación ao longo do curso.

Programouse unha reunión mensual dos profesores de Departamento para realizar un seguimento da programación, onde se discutirá o grado de cumprimento e os motivos, si é o caso, de incumprimento.

A programación está baseada nos formatos e distintos documentos legais facilitados pola Dirección do Centro, que analizará e valorará os informes contidos na programación. Tamén custodiará os informes e documentos da programación.

A inspección revisará e valorará a programación en última instancia.

SADA 14 de SETEMBRO de 2021

Asinan esta programación:

Juan Carlos López González
Profesor substituto- Titor

Dona Sabela Arias Castro.
Xefa do Departamento

Esta programación segue a normativa vixente para o curso 2022/2023.

Mural adicado a Isaac Díaz Pardo en Sada, nas inmediacións do centro



Sabela Arias Castro

Asdo.: Sabela Arias Castro